O Proxecto de Investigación das Universidades Galegas "As vítimas, os nomes, as voces" está a piques de rematar o baleirado dos rexistros civís de Galicia para o período 1936-1939.

O Proxecto de Investigación histórica sobre a represión franquista en Galicia, financiado pola Consellería de Cultura e Deporte, leva case dous anos de actividade e continúa ampliando o seu acervo de documentación de todo tipo e coñecementos. Baixo a dirección e coordinación do Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, Lourenzo Fernández Prieto, trátase dun proxecto que integra investigadores das tres universidades galegas e quere servir de cemento científico para profundar no coñecemento da historia da Guerra Civil e da represión franquista. na Galiza.

Nestes momentos, estase a completar o baleirado dos rexistros civís de toda Galicia no período 1936-1939, co obxecto de documentar a todas as vítimas da represión que alí se recollen. O Proxecto leva máis de 250 rexistros de concellos visitados, e pensa completar nas vindeiras semanas o mapa de Galicia por completo.

Os historiadores seguen recollendo, por outra banda, máis testemuños e todo tipo de material gráfico ou sonoro, obxectos, documentos persoais e outros, que teñan que ver coa memoria individual e colectiva da represión franquista. Tamén, veñen sucedéndose diversos actos de presentación pública dos propios contidos do proxecto en centros culturais, educativos, así como en ámbitos científicos e académicos.

O obxectivo segue sendo presentar a curto prazo un listado das vítimas da represión franquista en Galicia, no que se poidan ir incorporando todas aquelas informacións que vaian xurdindo no decurso desta investigación.